

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 28 de xullo de 2016

ACTA Núm. 8/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de xullo do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

Non asisten: o concelleiro do PP, D. José Vázquez Rama, o concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Enrique Riomayor Caamaño, e a concelleira do BNG, D^a Paula Simal Mayo.

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dá fe do acto.

ORDE DO DÍA

A. Parte Dispositiva

- 1 . APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (27.06.2016)**
- 2. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO (POR URXENCIA)**

3. PROPOSTA DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017

4. PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DA ZONA HISTÓRICA

5. MOCIÓN DO PP SOBRE A PREVISTA MELLORA DA DP 5304 DE ABELLEIRA ÁS PAXAREIRAS POR TOREA

6. RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

B. Parte de control dos órganos de goberno

7. MOCIÓNS DE URXENCIA

8. ROGOS E PREGUNTAS

A. Parte Dispositiva

Os distintos voceiros desculpan a ausencia dos concelleiros que faltan.

A Sra. González pide facer unha pregunta previa que é se van ser quen de celebrar un pleno tres imputados. Di que é a primeira vez na historia que un goberno enteiro está imputado e pregunta se van presentar a súa dimisión ou son quen de celebrar o pleno.

A Sra. alcaldesa responde que si van ser quen de celebrar o pleno e seguir gobernando en Muros tamén e dá inicio á sesión plenaria.

1 . APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (27.06.2016)

A voceira do Grupo Popular di que non ten nada que dicir.

A Sra. González di que faltan preguntas feitas polo seu grupo. E tamén contestacións. Que non saben se contestou á pregunta sobre a area da praia e se hai multa de SEAGA. Que non figura a contestación na acta.

A Sra. alcaldesa di que cre que contestou todas as preguntas e que non lle consta ningunha multa.

Insiste a Sra. González en que non consta na acta esa resposta nin tampouco que pasou coa area da praia e a onde se levou.

Pide que se inclúan na acta estas contestacións . Di tamén que non constan tampouco na acta a pregunta sobre o permiso de San Pedro, a comida dos maiores, o prazo do recurso de Espina&Delfín, quen é o arquitecto que asina as licenzas da zona histórica. Pide que a acta quede enriba da mesa para completala.

O voceiro do BNG di que no seu primeiro rogo sobre os cans nos areais que na acta pon que se modifique o regulamento e que eles o que pediron foi que se eliminara.

A Sra. alcaldesa despois de recoller as peticións somete a acta a votación:

Votos a favor: 7 votos a favor (3PP, 3 CxG e 1 BNG) e 3 en contra do PSdeG-PSOE.

Acordo: queda a probada a acta correspondente á sesión do Pleno celebrado o 27 de xuño de 2016.

2. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO (POR URXENCIA)

Explica a Sra. Alfonso que desde o departamento de intervención se detectou que nas bases de execución do orzamento, nas subvencións nominativas non se corresponden as entidades que celebran as festas nas distintas parroquias coa realidade, polo que se quixo incluír este punto por urxencia nas Comisións Informativas, que foi votado en contra polo PP e PSOE pero que aínda así que o incluíu na orde do día do pleno.

Di que hai que someter a votación a inclusión deste punto. E continúa explicando que se trata de adecuar as bases de execución á realidade para poder pagarlle legalmente, de xeito correcto ás distintas asociacións que organizaron as comisións de festas e distintas actividades que figuran no listado de subvencións nominativas. Que de non ratificar a inclusión deste punto neste pleno que o levarán ao de setembro, o que significa un atraso no cobro por parte das asociacións e entidades que organizaron as distintas festas e eventos.

A voceira do Partido Popular di que entenden que debería ir nas mocións de urxencia, que na orde do día aparece por urxencia e que de acordo co artigo 82.2 do ROF, na orde do día só poden ir os asuntos previamente informados. Que este punto non foi informado, que entenden que debería presentalo como moción de urxencia.

A Sra. alcaldesa dá lectura ao artigo 82.3 do ROF: “ *O alcalde ou presidente, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou proposta dalgún dos portavoces, asuntos que non foran previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero neste suposto no poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.*”

A Sra. Monteagudo pide que lea o apartado anterior.

A Sra. Alfonso le o artigo 82.2 do ROF: “*Na orde do día só poden incluírse os asuntos que foran previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.*”

Insiste a Sra. alcaldesa que no punto 82.3 di que si o pode facer e a Sra. Monteagudo insiste en que por urxencia, en mocións de urxencia.

Di tamén a voceira popular que non procede introducir por urxencia este punto, que levan varios meses preguntando polo orzamento deste exercicio e que a resposta que se lles deu foi que estaban traballando e que ou menten ou non saben en que estaban traballando para ter que introducir unha modificación das bases de execución do orzamento por urxencia, cando saben de sobra as subvencións directas que ten que dar o Concello. Que o seu grupo non o entende, sobre todo despois do *poio* que montaron coa retención dos premios do entroido, ocasionando alarma e trastornos a un montón de persoas que colaboran coas asociacións. Critica a maneira de traballar do goberno, que non entenden que se desde xaneiro saben que axudas teñen que pagar porque a finais de xullo levan este punto por urxencia, que tiveron que requirir a documentación e que nin sequera está ben pois non coincide a cantidade da proposta do concelleiro co informe de intervención.

A Sra. alcaldesa di que non é certo que desde xaneiro se saiba que asociacións van organizar as festas. Que hai unha previsión das festas que vai haber, que nin sequera todos os anos hai as mesmas e que non todos os anos as organizan as mesmas asociacións. Que son subvencións nominativas que segundo intervención ten que cobralas quen figura expresamente nas bases de execución.

Pon por exemplo que se figura Comisión de Festas de Tal, ten que estar legalmente constituída e ter un CIF. Que si se pode pagar a unha persoa individual pero que iso si lle pode crear trastornos a esa persoa.

Insiste en que se trata de adecuar as bases á realidade e que en xaneiro é imposible prever con exactitude que asociación vai organizar cada unha das festas. Que hai cambios que son bastante posteriores a xaneiro.

A Sra. Monteagudo di que esa é a discrecionalidade, pasar de quince mil a vinte e tres mil euros, que esa é a ordenanza que prometeron facer para clarificar e quitar a discrecionalidade no outorgamento de subvencións.

A Sra. alcaldesa di que non hai ningunha discrecionalidade mentres a voceira popular di que non procede incluír ese punto na orde do día e que fagan as cousas como teñen que facelas.

A Sra. González di que opina o mesmo que o Partido Popular, que a Sra. alcaldesa volve mentir e que non aprende, que está imputada por mentir e volve mentir polo que vai acabar no cárcere coas súas mentiras.

Continúa a súa intervención dicindo que non entenden a urxencia da modificación das bases de execución, cando todos os anos son sempre as mesmas festas e que a única que non debe saber as festas que se celebran en Muros debe ser a Sra. alcaldesa pero que o problema non debe ser

ese se non que non lle están coincidindo os números e que o Sr. concelleiro de Facenda, tamén imputado e que tamén vai acabar no cárcere, non fai os número nin se preocupa de miralos. Que se acordan de todo o día antes do pleno. Que na Comisión Informativa dous grupos votaron en contra e non poden levalo a pleno.

Que o que non entenden desde o Grupo Socialista é o seu interese de cambiar esa base de execución porque está sen cambiar a base de execución onde a Sra. alcaldesa se puxo un soldo de catro mil euros, contando a seguridade social e as pagas extras, e que, porén, non se cambiou ningunha base de execución. Que está practicamente acabando o ano e orzamento non está nin se lle espera, nin se modificou ningunha base. Pregunta por que van modificar nada agora, que fagan o mesmo que o que fixeron cos seus soldos, que os aprobaron por riba do que pon a base de execución, que o seu grupo deixou aprobado uns números e que eles están cobrando o que lles pareceu. Que acababan de propoñerlle ao Grupo Socialista catro mil euros e que eles son tres e non lle chegan quince mil euros.

Que lles gustaría saber o que fan, porque toda esta sarta de mentiras xa chegaron ao xulgado e que van traer consecuencias. Que levan ao Pleno a modificación das bases de execución que vai ser un acordo nulo segundo o ROF. Que ela colle do ROF o que lle gusta e que ten que coller todo. Que se chama prevaricación. Que á Sra. alcaldesa non lle importa nada, que o único que lle importa é cobrar.

Que todos están imputados, todo o goberno e que teñen o rostro de ir ao pleno a prevaricar porque están pedindo que se meta por urxencia unha resolución que vai ser nula, como vai ser nula a acta que acaba de aprobar sen constar o que o seu grupo pide que conste e sen estar o secretario que dou fe da dita acta.

Que pasan de todo e se atreven a todo e dille que teñan coidado porque están no primeiro chanzo e que estaba clarísimo, que xa relatará no seu momento a cantidade de mentiras, das que eles se acordan e teñan nas súas actas, que estivo sostendo o goberno municipal co apoio do PP e do Partido Popular tamén en algunhas ocasións e que chegaron ata un ano e que non coñece ningún concello onde todo o grupo de goberno estea imputado e que sigan sentados na cadeira.

A Sra. alcaldesa dille á voceira socialista que efectivamente non hai en ningún concello ningunha Caridad González Cerviño, afortunadamente para eles.

Que o motivo de querer modificar esta base de execución que xa o explicou, que é porque hai que adecuar as bases de execución á realidade e para que as asociación que organizaron e están organizando as festas poidan cobrar o antes posible e sen reparo de intervención. Que se non se aproba terán que mirar co departamento de intervención para que quen organizou poida cobrar.

O voceiro do BNG dá inicio á súa intervención dicíndolle á voceira socialista que non lle importa que o sinale pero que non lle diga que é do PP, polo que a voceira socialista lle pide desculpas.

Continúa dicindo que é evidente que o punto en cuestión non se vai aprobar e pide que se celebre un pleno extraordinario para ver a posibilidade de que se aprobe canto antes, non só polas comisións de festas que están pendentes de cobrar, se non tamén para o programa de “vacacións en paz”, que tamén está esperando pola súa subvención e que a asociación que trae os nenos cobre canto antes porque ten unha débeda bastante importante, entre outras cousas, porque hai moitos atrasos nos pagos dos concellos á hora de pagar as subvencións que teñen concedidas. Aprema ao goberno municipal a que resolva o tema canto antes porque é evidente que non se vai resolver neste pleno.

A Sra. alcaldesa di que o goberno municipal ten interese en que se arranxe canto antes e que por iso o leva a este pleno. Que o que comenta o voceiro do BNG da asociación “prosharui” que é o mesmo caso que o de outras entidades, que son subvencións nominativas que non estaban incluídas na base de execución, como tales. Que non é que se pase discrecionalmente de quince mil a vinte e tres mil euros se non que se están recollendo subvencións que levan anos séndoo e non se recollían nas bases de execución como tales.

Insiste en que o interese do goberno municipal é que as asociacións poidan cobrar canto antes e que se faga correctamente. Que se o Partido Popular e o Partido Socialista queren asumir a responsabilidade de atrasar o cobro alá eles e que por desgracia non chega coa vontade do goberno para que se arranxe e cobren canto antes.

Procédese á votación da inclusión deste punto na orde do día co seguinte resultado: 4 votos a favor (3 de CxG e 1 BNG) e 6 en contra: (3 PP e 3 PSdeG-PSOE), polo que o punto **MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO (POR URXENCIA)** non é incluído na orde o día.

3. PROPOSTA DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017

A Sra. alcaldesa di que o que se tratou na Comisión Informativa é propoñer como días festivos locais para o ano 2017 o 29 de xuño, día de San Pedro, e o día 17 de xullo, día seguinte do día da Virxe do Carme.

Na rolda de intervencións a Sra. Monteagudo mostra o seu acordo.

Por outro lado dille á voceira socialista que o Partido Popular vota as cousas que lle parecen razoables e, cando non, vota que non. Que as interpretacións que fai a voceira socialista que están ben pero que son súas.

A voceira socialista tamén mostra o seu acordo cos días festivos propostos.

O voceiro do BNG di que quixeran que cando algún festivo coincida en domingo se puidera ter en conta algunha outra data. Que pensan que estaría ben coller o día de San Xoán pero que cae en sábado e que para a maioría dos comercios tampouco é de moita axuda pois os supermercados están obrigando a abrir incluso aos domingos cando hai festivos polo que están de acordo coas datas propostas e pide que en vindeiros anos se valore a posibilidade de poñer festivo algunha festa como a de San Xoán.

Votación: Unanimidade.

ACORDO:

Co obxecto de que a Consellería de Traballo e Benestar determine os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais propias, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, o Pleno da Corporación propón como días festivos locais do Concello de Muros para o ano 2017 o día 29 de xuño, día de San Pedro, e o día 17 de xullo, día seguinte da Virxe do Carme.

4. PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DA ZONA HISTÓRICA

A Sra. alcaldesa explica que, tal como se quedou no anterior pleno, houbo unha xuntanza dos catro grupos políticos e pasa a ler a proposta:

“Celebrada a Comisión Informativa de Promoción Económica, Emprego e Turismo, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos en relación coa elaboración dun PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DA ZONA HISTÓRICA:

Con carácter inmediato:

- Supresión dos bolardos e dos bancos unipersoais da Praza de Galicia, habilitación de espazo para carga e descarga na praza e arredores, con horario e estacionamento limitado.*
- Elaboración de campañas publicitarias que conviden a residentes e visitantes a mercar na zona histórica e na praza de Abastos.*
- Que na programación de actividades durante o ano se teñan en conta os espazos da denominada rúa de Arriba, e se inclúan actuacións de ocio que atraian público cara a esta zona.*
- Que se fixe como un obxectivo reorganizar os postos do mercado ambulante nas rúas Real e Aresta.*
- A constitución dunha mesa sectorial que se encargue de elaborar un programa de dinamización da zona histórica de Muros, na que estean representados comerciantes e outros sectores da poboación afectada.*
- Que se proceda á recollida do cableado “colgado” na rúa que vai desde a rúa Real á praza da Pescadería, e se dote de papeleiras a zona.*
- Creación dunha comisión informativa específica para a elaboración e seguimento do plan.*

-Que a antedita comisión teña un periodicidade mensual”.

A voceira popular inicia a súa intervención dicindo que esta proposta parte dunha moción do BNG á que o seu grupo presentou unha emenda que está aceptada practicamente na súa totalidade, o que agradece. Di tamén que a achega do grupo do goberno foi cero, que o único foi dicir que lle resultaba imposible ou moi dificultoso subir os postos do mercado para o seu sitio, que é nas rúas de arriba.

Solicita que lle aclaren como se fixo o traslado dos postos pois a Sra. alcaldesa indicou que se seguira o procedemento, é dicir, que se acordara en Xunta de Goberno, tal e como establece o artigo 3.b do Regulamento de venda ambulante do Concello de Muros e que eles non son capaces nin de atopar esa Xunta de Goberno nin nada que faga mención a isto, polo que rogan que lle indiquen a data do dito acordo.

Que tamén queren que lles digan cando se van facer as actuacións inmediatas, que actividades culturais ou de ocio se van programar neste mes de agosto, cando se van retirar os bolardos e recoller o cableado. Que medidas van tomar para que o edificio do mercado de abastos non se converta nun almacén permanente para as cousas que mandou gardar alí e que de seguro van botar para atrás a calquera comerciante que teña intención de instalarse alí e visite o recinto.

E que tamén lle explique aos comerciantes da rúa de Arriba ou persoas titulares de negocios as razóns polas que se ve incapaz de manter os postos do mercado nas súas situacións das rúas de arriba.

A Sra. González, voceira socialista, di que é evidente que a proposta de elaboración dun plan de dinamización económica da zona histórica non foi aprobado por todos eles porque o seu grupo non pode pasar pola supresión dos bolardos e dos bancos unipersoais da praza de Galicia porque é unha obra que se fixo cos cartos de todos os veciños/as de Muros. Que houbo unha subvención e se empregou aí. E que partindo da base de que o motivo que se deu para eliminar os bolardos e os bancos era adaptar zonas de aparcamento e de carga e descarga que tamén era totalmente incongruente porque hai un sitio na parte de atrás do mercado que é o que pediron os usuarios do mercado porque é moito máis fácil o acceso desde a parte de arriba.

Que tal e como di a portavoz do Grupo Popular non existe unha acta, está clarísimo que é unha mentira máis e o Grupo Socialista non lles cre que se vaia a dinamizar nada. Que vai ler catro cousas que prometeron e despois dun ano aínda non as fixeron. Que non van facer nada e que o único interese que ten a Sra. alcaldesa era desfacer a praza que fixeron o Grupo Socialista. Que a Sra. alcaldesa non pensa coa cabeza se non coas tripas, que en vez de razoar pensa coas tripas, coa maldade que ten e entón chegamos a desfacer e romper todo. Que non saben se é dinamizar ou dinamitar a praza do mercado. Que non saben a fórmula que vai utilizar para atraer á xente á praza do mercado. Que unha vez saque os bancos e os bolardos que se acabou a dinamización da rúa de Arriba.

Continúa dicindo que o único interese do goberno de CxG (que por certo levan unha media moi boa porque teñen catro alcaldes e dous están imputados) é desfacer o feito porque se deixan levar polas tripas en vez de usar a cabeza.

Relata que nun ano o goberno devolveu dúas subvencións, unha que estaba aprobada e lista que era para cambiar as luminarias da estrada principal e outra era o acondicionamento dos contornos dos mercados municipais da zona histórica, que era poñer bancos e papeleiras. Que tiveron a piscina pechada durante un ano, cando estaba todo listo para executar unha obra da mellora da cuberta dicindo que ían cambiar o proxecto e que tamén era mentira (que o dixo o imputado número dous), que o ían cambiar pero a Deputación díxolles que non e fixeron un apaño e practicamente executaron o que había que executar. Que están a pagar facturas camufladas de danos que durante un ano estivo chovendo encima da tarima da piscina. Que preguntaron varias veces polo tema e como sempre mentíronlles.

Continúa dicindo que devolveron o PAI da Deputación sen argumentos. Que non fixeron alegación ningunha, polo menos que eles saiban, sobre o uso do porto. Incumpren unha sentenza firme na que lle ordenan á policía local traballar cunhas quendas e que non traballan de noite e que a maiores lle segue pagando os festivos e a nocturnidade como se os fixeran. Que permite que Espina&Delfín consiga unha prórroga sen reclamarlle en ningún momento a débeda que ten co Concello de Muros e que lles parece gravísimo que teñan unha débeda de case setecentos mil euros e a Sra. alcaldesa lle regale cinco anos de contrato. Que non hai ningunha acta, ningunha

reunión, ningunha Xunta de Goberno da Mancomunidade onde se reclame a débeda a Espina&Delfín. Que debería defender o pobo de Muros pero o único que lle interesa son os intereses particulares.

Que se poñen uns grandes soldos sen modificar as bases de execución e agora pretenden modificar as bases botándolles a culpa ao resto dos grupos de que non votan a urxencia cando eles non fixeron o traballo cando tiñan que facelo. Que o problema de que non se aprobaran esas bases de execución foi porque eles non as trouxeron cando as tiñan que traer. Que as traen o último día, mal, e non coinciden os números, sen falar con ninguén e logo din que a culpa de que non cobren as asociacións é nosa.

Que autoriza á interventora á traballar desde a casa. Que a xente ven aquí e a interventora non está no concello. Que cre que traballa dous días pero non sempre. Un día á semana cando pode vir. Que a autoriza a Sra. alcaldesa e os concelleiros, os tres imputados. Que está autorizada a traballar desde a casa sen ningún tipo de acordo nin resolución. E consentindo o atraso de todo o departamento de Facenda, incluído o orzamento.

Que está o pobo cheo de lixo. Que apestan as rúas. Que volven aos calexóns apestosos de hai moitos anos aos que xa non estabamos acostumados. Que había moitos anos que non estaban os calexóns cheos de mexo. Que os colectores están co lixo saíndo por fora e adicáronse o día do Carme a trasladar o lixo da rúa de Abaixo para a rúa de Arriba, onde menos se vira e a xente a protestar porque lle levaban o lixo dos establecementos hostaleiros para diante da súa porta. Que esa é a labor destes tres imputados. Que os colectores soterrados están pechados porque cando o Partido Socialista preguntou, hai un ano, polo tema dixo que a culpa era deles, que lle faltaba unha pegatina e despois dun ano debe seguir faltándolle. Que o verdadeiro motivo é que eses colectores levan o escudo o Partido Socialista e que prefire que ao pobo de Muros lle saia o lixo por debaixo das tellas antes que poñelos a funcionar. Que todos os visitantes que chegan a Muros non entenden como é que hai un lote de colectores cheos e o resto baleiros e cando preguntan no concello o concelleiro de Medio Ambiente contéstalles que non lle consta, cando só hai que mirar pola ventá.

Que levan un ano con mentiras e máis mentiras. Que conseguiron por fin que imputaran aos tres concelleiros. Que están denunciando en todos os plenos mentiras e máis mentiras.

Que agora non se lle ocorre outra cousa mais que desfacer a praza do mercado coa escusa de dinamizar a rúa de Arriba. Unha obra que custou case trinta mil euros e di que iso non valeu cartos e pagamos cos cartos de toda a veciñanza. Pregunta se hai alguén que crea que vai dinamizar algo este trío. Que foi ela quen autorizou que os postos do mercadiño baixaran para a estrada. Que cando marchou o Grupo Socialista os postos que non cabían foron para abaixo pero o resto quedaron arriba. Que é ela quen consente a terraza ilegal que hai na praza do mercado estando todo atrancado. Que molestan os bolardos pero non molestas as cadeiras da terraza. Que ela foi quen de encher os postos de redes e restos do mercadiño mariñeiro utilizándoos de almacén e a xente que traballa queixase porque apesta. Que hai dous postos máis que se lle entregaron a unha asociación de “jatos”. Que a última vez que tivo responsabilidades de goberno o que se lle ocorreu foi un “rasca e gaña”, que agora se lle ocorre levar os gatos, que é un atractivo turístico.

Que o concelleiro de Cultura foi o interesado en que marcharan os feirantes da Pescadería Vella porque a súa familia ten alí un establecemento hostaleiro e se queixan de que non podían poñer as terrazas os días de mercadiño. Que esa é a labor do imputado número tres. Que o mesmo concelleiro tamén foi o responsable de obstaculizar ata a Perriola colocando unhas xardineiras para que a xente non poida pasar e non esperte a familia que vive en esa casa porque é a súa familia.

Que estes tres imputados o único que buscan, coa complicidade do BNG, e neste caso tamén coa do PP, é romper a obra feita polo PSOE para cumprirlle o caprichiño da Sra. alcaldesa e que o PSOE non van ser cómplices desas desfeitas, co cal marchan do pleno.

Os tres concelleiros do Grupo PSdeG-PSOE, abandona o salón de plenos.

A Sra. alcaldesa dálle a palabra ao Grupo do BNG e o seu voceiro inicia a súa intervención dicindo que non sabía que esta era unha sesión de control do goberno, que se non viría preparado para facer un debate de todo o acontecido este ano. E que pensou que ían ter a educación de non facer un debate dentro do punto de dinamización da rúa de Arriba. Que lle gustaría que estivera presente a voceira socialista porque sempre que lle ten algo que dicir

sempre marcha, pero que vai dicir igual que quixera que a Sra. ex-alcaldesa aprendera a estar na oposición como están os demais e que aprendese como desde a oposición tamén se pode facer propostas e sacalas adiante. Que desde o BNG procuraran, falando coas usuarias da praza de abastos, levar unha moción o mes pasado que axudase a recuperar un pouco a vida económica da zona interior e que creara unha dinámica suficiente para que poidan seguir cos seus postos alí, que hoxe en día é bastante inviable.

Que quería que a Sra. ex-alcaldesa vise como só dous concelleiros de trece poden facer propostas que axuden a modificar e mellorar a vida dos veciños e veciñas.

Que referíndose ao concreto do plan, que veñen consensuadas todas as propostas, pero que lles gustaría insistir en dúas cuestións: primeiro, a necesidade de reorganizar a venda de produtos frescos nos arredores da praza de abastos, que non entenden, e no debate non se engadiu nada ao respecto por falta de acordo, que se siga vendendo produtos frescos no paseo marítimo sen ningún tipo de control sanitario nin doutro tipo. Que por iso queren insistir en que estes produtos se vendan dentro da praza de abastos ou nos arredores cunhas medidas e uns controis, que podería ser a praza de Galicia, que grazas a este plan vai recuperar a súa vida útil. Unha vida que morreu ou polo menos entrou en coma coa súa reforma durante o mandato anterior colocando os bolardos e bancos unipersoais que serven para todo menos para que se poida sentar alguén e o que fixeron foi sacarlle vida a unha praza na que se podían facer concertos e moitos tipos de actividades ademais de poñer postos onde historicamente se colocaron. Que non se puideron poñer e marcharon para outro lado, marchando tras deles todos os demais. Que consideran que co feito de quitar os bolardos xa se ten moito avanzado. Que por outro lado, a medio ou longo prazo, que lles gustaría que se preparara un proxecto para adquirir a horta do Viñal e crear nela prazas de aparcamento e mellorar o acceso á praza desde a estrada de Miraflores. Que alí hai unha horta moi grande que no PXOM vén recollida como zona de aparcamento e que consideran que sería un beneficio, non só para a praza de abastos nin para a zona de arriba, se non para toda a vila, que aumentarían as prazas de aparcamento deslocalizándoas e facelas nunha zona onde apenas hai e que redundaría moito na vida da praza podendo ter un aparcadoiro amplo e próximo e que incluso podería servir de acceso para grandes camións. Que o dos accesos parece ser o único problema que agora mesmo hai para que os produtos frescos se vendan dentro da praza.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. Monteagudo di que eses temas dos que fala o voceiro do BNG son os que quedaron enriba da mesa para tratar nesa comisión que se supón que vai haber. Que efectivamente o entorno todo da rúa de Arriba ten varios problemas que hai que afrontar pero cun pouco de rigor, non xa prohibindo produtos frescos nun sitio ou noutro. Que haberá que sentarse, ver as ordenanzas, modificar as que faga falta, ver as necesidades dos sitios, ver as propostas dos usuarios, da veciñanza e dos comerciantes da zona, que xa lle comentou no anterior pleno que non entendía que eles que falan sempre de ser participativos e dialogantes presentaran unha proposta que non tiña en conta nin aos/as veciños/as nin aos comerciantes. Que eles propuxeron facer unha mesa sectorial e que se levaran unhas propostas consensuadas entre os grupos de ser posible.

Que é evidente que a portavoz socialista, cando se puxeron alí os bolardos que efectivamente a praza morreu e que xa se falou daquela que iso ía ser acabar co mercado e coa rúa de arriba, que non cre que sexa certo o que di, que o que se fixo alí non vale para nada e cre que si se pode recuperar a vida dese espazo pero tendo en conta á xente e que hai que sentarse con ela. Que efectivamente falon dos aparcadoiros e de moitas outras cousas pero que van empezar por algo que sexa viable e efectivo e polo que se poida facer agora que é programar algunha actividade para darlles algo de vida no que queda de verán. Que tamén comentaron no seu día que sería moi bo que os comerciantes se asociaran para poder ter máis forza e para poder traballar dun xeito máis coordinado e conxunto.

Que teñen que falar de cousas inmediatas que é a proposta actual e quere que a alcaldesa lle conteste que rapidez van ter esas actuacións. Que a proposta consensuada refírese a catro cousas que se podían facer, xa. Que quere saber o que se vai facer, cando, como e por qué.

O Sr. García dille á voceira popular que non é verdade que non consulten cos/as veciños/as porque isto naceu dunha reunión que eles foron propoñer á praza do mercado aos seus usuarios. E que tamén viña falado con algún dos usuarios que fixeran protestas a través das redes e demais. Que é evidente que do que se trata é de aprobar medidas inmediatas pero ao mesmo tempo que deben empezar a facer esas outras que son máis a longo prazo porque se non, non se

farán nunca. Que por iso insiste no tema da horta do Viñal, en que deberían empezar a miralo xa.

A Sra. alcaldesa di que vai contestar aos grupos do PP e do BNG e tamén ao grupo do PSOE aínda que ningún dos seus membros está presente porque supón que en algún momento mirarán o pleno, pois agora si que se gravan.

En relación a actividades inmediatas na zona do mercado, que o día 9 hai unha actuación musical, o día 10 outra e arredor do día 19 vai haber outra actuación consistente na presentación dun disco, dentro do mercado. Que a previsión é facer, polo menos unha vez ao mes, un taller de repostería a partir de outubro.

Con respecto ao traslado dos postos que acabaron de estar alí cando se remodelou a praza, que cando eles chegaron ao goberno xa non había postos na praza do mercado.

Que o motivo de sacar os bolardos e os bancos unipersoais non é, como dicía a voceira socialista, para crear unha zona de aparcamento controlado nin habilitalo para carga e descarga, que é tamén para facilitar a implantación de postos.

Contestado ao dito pola voceira popular de que o goberno non achegou nada, que aceptaron todo por que todo está no seu programa electoral. Que son medidas que se estaban tomando ou se ían tomar. Que xa se organizou algunha actividade no mercado desde que eles están no goberno. Porque a pesar do que di a voceira socialista de que non fan nada nin se preocupan do mercado ao mesmo tempo di que da outra vez que estiveron no goberno fixeron un “rasca e gaña” e que lle dá moita risa pero que polo menos fixeron algo. Que desde que están agora xa houbo algunha cousa no mercado coa colaboración de asociacións como “Anajata” e outras coa colaboración da sala Nasmo. E que todo o que se fixo foi coa intención de levar xente ao mercado.

Que eles xa empezaran a dinamizar o mercado e que tamén foron algunha vez por alí e falou coa xente que ten postos. Que se alegra que máis portavoces vaian ao mercado a interesarse polos postos que hai alí.

Que se foi tan doado chegar á proposta que se presenta que foi pola boa vontade do grupo de goberno. Que ata este mandato era imposible ver algo así xa que as propostas dos grupos da oposición nin sequera se debatían nos plenos porque nin sequera se incluían nas ordes do día nin se permitía que se incluían por urxencia. Que algunha vez tiveron que acudir á xustiza.

Que agora todas as propostas se debaten e nesta ocasión a partir dunha iniciativa do BNG, coas achegas da emenda do PP e coa aceptación do grupo de goberno, que foi doado chegar a esta proposta.

Continúa e di que aínda que non está presente, vai contestar á voceira socialista, que efectivamente non é unha sesión de control do goberno pero pola incapacidade do grupo do PSOE de facer outro tipo de oposición, teñen que facer algo rechamante que lles permita saír na prensa. Daquela sairá que o grupo do PSOE abandonou o pleno.

Que vai contestar ás acusacións da voceira socialista. Di que lle gusta moito deixala falar porque canto máis o fai máis opción lle dá para rebater e deixar en evidencia quen mente e que non.

Que empezou dicindo que devolveron dúas subvención, e que efectivamente é verdade, que unha delas consistía en cambiar os farois de Muros e outra poñer bancos na zona do mercado ambulante. Que lles pareceu que os cartos que tiña que achegar o concello eran máis necesarios noutro tipo de actuacións máis urxentes como o do iluminación pública de Baño, que estivo mes e pico con problemas porque non había maneira de arranxalo. Que foi algo que nunca ocultaron e nunca mentiron.

En relación ao que falou da piscina, que hai que ter moito estómago para escoitar que fale da piscina a persoa ou grupo que xerou semellante caos. Que o que fixeron foi desfacer un embolado impresionante que se atoparon. Que se atoparon cunha obra que se estaba executando sen seguir un proxecto, cun director de obra novo que non asumía a responsabilidade de facela sen seguir o proxecto e cunha empresa que xa estaba contratada polo anterior goberno que tiña investido xa tempo, cartos e material. Que tiveron que ver a maneira de chegar a un acordo pois efectivamente estiveron traballando co consentimento do anterior grupo de goberno e do anterior director de obra.

Con respecto ao PAI, que simplemente non o aceptaron, que non devolveron nada. Que o concello tivo que devolver cento cincuenta mil euros dunha subvención para un viveiro de empresas que o anterior goberno non foi capaz de poñer andar. E tivo que devolver corenta e cinco mil euros máis dese mesmo viveiro. Pero que eles non devolveron o PAI, que non o aceptaron e xa no seu momento o explicaron. Que querían que o dedicaran a obras que podían facer doutro xeito sen incrementar o endebedamento do concello e que a filosofía do PAI é reducir a débeda do concello e non incrementalala.

Sobre que non fixeron alegacións ao uso de portos, é mentira porque si que as fixeron.

Sobre que incumpriron unha sentenza firme sobre o horario da Policía Local, que non é así, que están facendo gardas de noite e festivos e cando lle toca, non todas as noites nin vinte e catro horas ao día os sete días da semana porque non hai axentes suficientes. E que están facendo máis do que lles obriga o convenio.

Con respecto o que dixo a voceira socialista sobre Espina&Delfín que tamén o explicou en varias ocasións. Que primeiro que non é certo que teñan unha prórroga tácita. Que a única que asegura ese, aparte da empresa porque lle interesa, que é a voceira socialista. Que en relación á reclamación do canon lle reclamaron á empresa a conta de explotación para poder botar contas de canto debe Espina&Delfín a este concello. Que a empresa baralla unha cantidade e o concello outra, que por certo as contas as fixo o anterior goberno sen ter en conta a conta de explotación co cal é imposible calculalo. Que a conta de explotación está no departamento de intervención en colaboración co Concello de Carnota para facer as contas concretas e reais da débeda de Espina&Delfín con este concello.

Que di que autorizan á interventora a traballar desde a casa e que eles apostan pola conciliación da vida familiar e laboral e traballar non significa estar sentado nun sitio fisicamente. E non teñen absolutamente ningunha queixa do traballo da interventora. Que todo o contrario. Que traballe na casa non quere dicir que non traballe.

En canto a que o pobo está cheo de lixo, que hoxe si está e que chamaron a FCC e lles comunican desde a Mancomunidade que se avariou un camiión e que hoxe procederán á recollida.

Que segundo a voceira socialista os colectores soterrados están pechados porque teñen a pegatina do PSOE e que non é certo, que están pechados polo mesmo que eles os tiñan pechados. Que quere lembrar que cando o PSOE deixou o goberno eses colectores levaban máis dun ano instalados e tampouco foron capaces de poñelos a andar pois iso significa primeiro facer amaños neles xa que non están como deben e segundo ampliar o contrato con FCC e coa Mancomunidade e cre que de todos é sabido que hai problemas entre eles. Que é moi mal momento para ampliar un contrato cando se está no xulgado intentando rescindir o contrato con FCC.

Que autorizou aos postos de mercado a baixar pero só aos da Pescadería porque os demais xa estaban. Que todos os postos que estaban na Pescadería lle solicitaron unha reunión na que lle traladan que non venden nada e que ou baixaban ou se ían para casa pois perdían cartos. Que despois de levaran así varios meses os autorizou a baixar para logo ver como facían para que volveran para riba.

Sobre o que comentou do concelleiro de Cultura (en realidade de Deporte e Facenda), que é evidente que non é así e que se por alusións o Sr. Uhía quere dicir algo que o diga.

O Sr. Uhía declina intervir.

Ramata dicindo que a intención é levar a cabo este plan de dinamización e dá paso á votación.

Votación: a favor por unanimidade dos presentes.

Acordo:

O Pleno da Corporación aproba a elaboración dun PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DA ZONA HISTÓRICA:

Con carácter inmediato:

- Supresión dos bolardos e dos bancos unipersoais da Praza de Galicia, habilitación de espazo para carga e descarga na praza e arredores, con horario e estacionamento limitado.

- Elaboración de campañas publicitarias que conviden a residentes e visitantes a mercar na zona histórica e na praza de Abastos.
- Que na programación de actividades durante o ano se teñan en conta os espazos da denominada rúa de Arriba, e se inclúan actuacións de ocio que atraian público cara a esta zona.
- Que se fixe como un obxectivo reorganizar os postos do mercado ambulante nas rúas Real e Axesta.
- A constitución dunha mesa sectorial que se encargue de elaborar un programa de dinamización da zona histórica de Muros, na que estean representados comerciantes e outros sectores da poboación afectada.
- Que se proceda á recollida do cableado “colgado” na rúa que vai desde a rúa Real á praza da Pescadería, e se dote de papeleiras a zona.
- Creación dunha comisión informativa específica para a elaboración e seguimento do plan.
- Que antedita comisión teña un periodicidade mensual.

5. MOCIÓN DO PP SOBRE A PREVISTA MELLORA DA DP 5304 DE ABELLEIRA ÁS PAXAREIRAS POR TOREA

A voceira popular aclara que o que esta moción pide é que se inicien xa os traballos de limpeza das estradas provinciais, a que vai de Muros a Louro por Campo de Cortes, a que vai de Abelleira a Paxareiras por Torea, a que vai da ponte de Esteiro á Silvosa, a de acceso á igrexa de Louro, porque cre que a que pasa polo Maio xa a limparon polas Carrilanas, segundo o que lles comentou o concelleiro de Medio Ambiente, que era o único que sabía ao respecto.

Le a moción:

“A voceira do Grupo Popular Municipal do Concello de Muros, Inés Monteagudo Romero, en nome propio e no do Grupo Popular, preséntalle ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos plenos demandamos do grupo de goberno información sobre o plan de conservación das estradas da Deputación de A Coruña, así como sobre a prevista mellora da DP 5304 de Abelleira ás Paxareiras por Torea.

A situación das estradas provinciais, sinaladamente a que vai de Muros a Louro, e a que vai da Abelleira ás Paxareiras por Torea, supón un problema para o tránsito rodado e peonil, moi frecuente nesas entradas, ademais de incrementar o risco de lume.

O noso grupo municipal fixo reiteradas preguntas respecto da situación de ámbalas dúas obras, sen que por parte do goberno local se concretase resposta algunha, a pesar de que xa no mes de outubro a Sra. Alcaldesa apareceu na prensa anunciando a obra de mellora da estrada que pasa por Torea.

Así as cousas, comprobamos na Deputación que a obra de mellora da estrada que vai de Abelleira ás Paxareiras por Torea, está pendente de adxudicación, sen que se teña previsto realizar esta nunha data próxima. Comprobamos tamén que aínda que xa vai para dous meses que se adxudicou o plan de conservación das estradas provinciais que pasan polo noso concello (A DP 5301 da Ponte de Esteiro á Silvosa, a DP5302 de acceso á Igrexa de Louro, a DP 5303 de Muros a Louro, a DP5304 de Abelleira ás Paxareiras por Torea, e a DP5305 de Esteiro a Lestelle) aínda non se iniciaron os traballos, que inclúen realizar dúas rozas

Así que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º. Que se inste á Deputación da Coruña a iniciar os traballos previstos no plan de conservación de vías, incluíndo o amaño da varanda metálica deformada. que xa provocou varios roces con vehículos.

2º. Que se inste á Deputación da Coruña a adxudicar a obra de mellora da DP 5304, posibilitando así que a obra se execute antes do próximo inverno”.

Di que quere comentar que unha das razóns da saída do pleno da voceira socialista é non votar esta moción nin a anterior. Que na comisión votou en contra do Plan de dinamización e nesta abstívose porque era moito cante que votara en contra pero cren que como lle custa posicionarse cando a xente non está con ela ou non lle dá a razón, pensa que unha das razóns polas que se marchou foi esa.

Xa referíndose á moción di que cre que son cousas evidentes e necesarias e que a Sra. alcaldesa di que teñen intención de facer as cousas pero o certo é que non se fan. Que levan varios meses preguntando por isto e nunca lles contestan nada. Que tamén tiñan a intención de baixar o IBI e aínda están esperando polo que piden que polo menos se inste á Deputación a facelo xa.

O voceiro do BNG di que non asistiron á comisión por motivos persoais e pide que cando se modifiquen as horas habituais das comisións se lles diga expresamente.

Continúa dicindo que lles parece que o que se propón na moción non ten lugar porque o plan de conservación xa se empezou a executar polo Maio, que está adxudicado desde hai pouco máis dun mes (a voceira popular di que dous meses) e que o lote que corresponde ao noso concello pertence ao grupo 23 (Mazaricos, Muros e Outes) e que se adxudicou o 9 de xuño e que no 2014 cando gobernaba o PP se adxudicou o 18 de xullo. Que non se pode estar en todos os puntos ao mesmo tempo pero que se está facendo polo que entenden que ese punto non ten lugar e en canto ao segundo punto, consideran que está equivocado porque cando preguntaron na Deputación lles dixeron que está adxudicada a obra de mellora da capa de rodaxe na estrada de Abelleira a Paxareiras por Torea e que lles indican desde o Servizo de Vías e Obras da Deputación que se vai iniciar a obra a finais de agosto, despois da volta ciclista, por medo a que coincidan.

A voceira popular di que dan traslado do que lle demandan os/as veciños/as. Que recibiron varias queixas e a 19 de xullo a obra non estaba adxudicada e que en calquera caso o que piden e que se execute canto antes.

O Sr. García anuncia o seu voto en contra, xa que as dúas cousas que se piden xa están en marcha.

A Sra. alcaldesa di que efectivamente se empezou co plan de conservación e a estrada do Maio está limpa, pero que é certo que quedan outras que aínda non se lles tocou e que non lles parece mal instar á Deputación a que fagan o posible para acelerar eses traballos.

O Sr. García di que iso non é o que pon e a Sra. alcaldesa di que pon iniciar ao que o Sr. García contesta que xa están iniciados.

A Sra. alcaldesa di que hai estradas nas que non se empezaron os traballos (Louro, Silvosa) e que si urxe.

En relación ao arrego da estrada de Abelleira a Paxareiras, a Sra. alcaldesa di que ela xa leu na prensa comunicando o que lle dixera o presidente da Deputación e comunicando a boa disposición del de empezar os traballos para ampliar a estrada. Que o arranxo que está adxudicado non inclúe a ampliación, só mellora do firme e da drenaxe, e que o que lle dixeron foi que está adxudicado pero non asinado o contrato e logo teñen que aprobar o plan de seguridade, acta de replanteo e executar as obras. E que non van empezar ata despois da volta ciclista por medo a que coincidan.

Que en calquera caso non teñen problema en instar á Deputación para que acelere a execución destes traballos.

Dá paso á votación: 6 a favor (3 PP e 3 CxG) e 1 en contra do BNG.

6. RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións da Alcaldía do mes de xuño de 2016, núm. 355 ao 435, así como das Xuntas de Goberno Local do 3, 13 e 17 de xuño de 2016.

B. Parte de control dos órganos de goberno.

7. MOCIÓNS DE URXENCIA

Non hai.

8. ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. Monteagudo pide permiso para repartir as intervencións e di que empeza a concelleira Sra. Uhía Patiño:

- Di que vai facer unha pregunta e ata reiterado rogo desde a bancada dos populares que é sobre a praia e a área da Rocha. Que é a praia máis importante da parroquia de Serres, que xunto co peirao de Anido, que é a praia que case seguro ten máis nenos por metro cadrado. Que cando chega o verán, unhas máis e outras menos, as praias de todo o Concello están decentes pero a praia da Rocha que é certo que se limpou por San Xoán, pero que nunca máis se pasa por alí. Que son moitos os/as usuarios/as desa praia a diario, a maioría familias, nenos, papás, mamás que están bastante cansos de que sexa unha praia de terceira ou de cuarta. Que xa non o di pola situación das augas. Que cre que non é tan complicado chegar a facer unha praia decente para os nenos. Que hai pouca area pero hai moito espazo que é herba e que está moi alta e que moitos están padecendo as consecuencias na pel. Que non lle parece moi difícil levar dous camións de area e rozar, limpar e telo un pouquiño acondicionado. Que é unha área preciosa, que ten uns banquiños de pedra que están totalmente enterrados. Que cando baixa a marea ten un areal inmenso onde máis de corenta rapaces/zas botan partidos e que é a única praia que se usa aínda que non faga bo tempo xa que é tipo parque para os nenos. Que está totalmente abandonada e os usuarios falan con ela que tamén é usuaria xunto coa súa familia. Que é un rogo que lle fan continuamente e que o leva ao Pleno para rogar que se adecente a dita praia pero non hoxe, sempre como se fai co resto.

- O segundo rogo e sobre o tema dos cans nas praias. Que se fixo por parte da alcaldía unha enquisa no Facebook sobre que praia sería adecuada para os cans e pensa que aí quedou todo. Que vai medio verán fora e os cans campan ás súas anchas por todos as praias, sobre todo pola mañás para facer as súas necesidades, que a maioría dos donos non recollen. Que xa saben que non é culpa dos cans, evidentemente, pero aos donos non se lle pode prohibir ir ás praias por iso, polo menos, hai que regulalo.

Rogan que dalgún xeito o tema dos cans se organice nas praias.

- Que xa que lle tocou a Portugaleta que se amañara algo, que se refire ao parque infantil que se arraxou, ao igual que o de Valdexería, cunha subvención da Consellería de Presidencia, da Xunta, pregunta cando se vai arranxar a escola infantil de Portugaleta.

- Que cantas solicitudes de axudas se presentaron para a Escola de Música no curso 2015-2016.

- En que consiste o proxecto de formación para mozos/as para o que solicitou unha axuda de oito mil euros á FEGAMP.

- Que viron no Decreto 360, en relación coas traballadoras de axuda no fogar, que se vai chamar ás persoas que está desfrutando días libres, asuntos propios e vacacións para que renuncien a eles e volver contratalas, cousa bastante rechamante porque, entre outras cousas, as vacacións son un dereito irrenunciable.

Que, segundo as bases, as persoas que están contratadas a tempo parcial e cumpren os requisitos da base 3f) poderán ampliar a duración do seu contrato ata ter cuberto un período de seis meses cun contrato a tempo parcial e outros seis a tempo completo.

Pregunta se non hai ningún caso deses nas persoas que están na actualidade contratadas e por que a continuación se dita outro decreto no que se di que segundo a lista corresponde contratar ás persoas que se mencionan.

Roga que a Sra. alcaldesa explique como se xestiona isto.

A Sra. Monteagudo pregunta:

- O porqué de non estar as facturas do Decreto 419, que aproban unha relación de facturas, F/2016/13, por importe de 77,865,02 € pero non se acompaña a relación.

- En relación coa devolución da subvención do viveiro de empresas, preguntan por que dunha subvención de corenta e cinco mil euros houbo que devolver cincuenta e seis mil novecentos setenta e cinco, cartos que ademais saíron da partida de cotas da Seguridade Social.

- Por que a subvención a “Periodipesca” non se inclúe nas subvencións nominativas ou directas.

- Que no mes de maio o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade unha moción do Grupo Popular, parte da cal dicía *“Que se habiliten e sinalen aparcadoiros alternativos nas zonas de máis afluencia de usuarios e visitantes, principalmente nas zonas de praia de Esteiro, Parameán, Tal, Cabanas, Abelleira, Ventín, Muros e Louro, en San Francisco e Ancoradoiro.*

Que se elabore un plan vial con trazados alternativos para os días máis conflictivos do verán.” Insiste en que esta moción foi aprobada por unanimidade. Queren saber que actuacións se fixeron por parte do goberno para darlle cumprimento a este acordo, que ademais incluía o derrube do palco da praza do Cristo de Tal.

- Que no mes de abril o Pleno da Corporación aprobou coa maioría de votos e coa abstención do Grupo Socialista unha moción do Grupo Popular na que se pedía, unha vez máis, que se dera cumprimento ao acordo plenario de modificación da ordenanza reguladora da contribución, baixando o tipo impositivo do 0.6 ao 0.4 para bens de natureza urbana e ao 0.3 para os de natureza rústica e que se iniciaran os trámites para aplicar unha serie de bonificacións que se propuxeron. Queren saber que actuacións se fixeron por parte do grupo de goberno para darlle cumprimento a este acordo porque xa pasou medio ano, corre o tempo e non teñen noticia de que isto se vaia facer.

- En relación co proceso de regularización catastral, que solicitaron no concello un informe estimativo de mobles afectados por este proceso distinguindo urbanos e rústicos, tipos de alteracións, novas construcións, ampliacións, rehabilitacións, reformas. O incremento da base catastral global da base liquidable e da cota de IBI, así como das cotas por atrasos de exercicios non prescritos.

Que lle resulta realmente asombroso que un equipo de goberno que ao parecer leva meses traballando na rebaixa do IBI non saiba nada sobre isto e nin tan sequera saiba que exista este informe que se pode pedir ao Catastro. Máis aínda tendo en conta que cando eles presentaron a proposta de rebaixa do IBI incidiron en que unha das vías para compensar a rebaixa de ingresos iba ser o proceso de regularización catastral.

Diríxese á Sra. alcaldesa e ao Sr. concelleiro de Facenda dicíndolles que a regularización catastral está supoñendo un incremento medio dun 25% dos ingresos por IBI nos concellos onde se está a aplicar. Que eles propuxeron que se rebaixara o IBI do 0,6 ao 0,4 e que é unha rebaixa aproximada dun 33% do importe da cota a pagar. Que isto quere dicir que aínda que a un/unha veciño/a se lle incrementara o valor catastral da vivenda pagaría menos cotas se a tivese rebaixada. Que pode ser que aos membros do goberno non lles importe prexudicar aos veciños coa súa ineficacia e que a eles si que lles importa.

Queren saber se lle pediron ao Catastro o informe que lle solicitaron, se xa o teñen e se o teñen por que non llo facilitaron.

Que están actuando dun xeito no que se mostra afán recadatorio e non saben moi ben para que xa que as cousas básicas do Concello nin se fan nin parece que vaian facerse.

Pregunta o Sr. Vázquez Rama:

- Que nestes últimos días houbo varias situación de emerxencia, sobre todo nas praias de Lariño e Area Maior, e pregunta se non sería posible colocar bandeiras que recomenden o baño. Sobre todo nestas dúas praias que son moi transitadas e se usan sobre todo na fin de semana.

- Se se colocou o espello na saída de Cabanas.

- Que lle comentan que hai problemas de circulación nas baixadas á praia de Esteiro por falta de sinalización, pois a baixada para o Local é de dirección única e no seguinte non se pode baixar. Se non se podería poñer unhas sinais que aclaren o sentido da circulación.

- Que foi o que se pretendeu facer co muro que se colocou arredor do famoso pino de Somorto e se non se pensa reparar a ducha desta praia nin recoller os restos das gaiolas de salmón.

- Sobre as reparacións en camiños e estradas municipais que se están planificando desde hai meses, se vai ser como o rebacheo que se fixo no camiño do Acoradoiro. Que temen que a duración destes apaños pode ser limitada.

- Sobre o tema da recollida de lixo, que xa a Sra. alcaldesa indicou que se avariara un camiión e que non sabe se é o mesmo de sempre ou é outro.

- Se non se poden lavar algunha vez os colectores que, sobre todo neste tempo de verán, cheiran bastante.

- Se ten pensado facer algún tipo de actuacións nos colexios e cales son.

Como vai a construción da pista do colexio de Esteiro.

Se non se podería colocar unha marquesiña no Colexio Ramón de Artaza que permita aos rapaces protexerse da choiva en canto non entran no colexio.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- Sobre a limpeza da praia da Rocha, que se fixo antes de San Xoán e que dou por feito que a brigada de limpeza de praias ía de vez en cando por alí e que preguntará porque é unha praia que necesita e merece limpeza igual que calquera outra.

- Sobre os cans nas praias, que lle comunican que o mellor é regulalo cunha ordenanza. Que está practicamente rematada e que a van levar ao pleno de setembro. Que é unha ordenanza que vai regular o uso das praias.

- Que non sabe exactamente as solicitudes que se presentaron da Escola de Música, pero que o miran e llo din en canto o saiban.

- Con respecto ás traballadoras de axuda no fogar, que tiñan o problema de que remataban a lista sen cubrir as necesidades para atender aos usuarios e que desde os servizos de persoal lle comunicaron que a mellor maneira de dar cobertura era con ese sistema.

- Sobre a Escola Infantil de Portugalete, que segue igual e que non sabe cando van poder acometer algún arranxo. Que está claro que son moitas as necesidades, pero que precisan recursos humanos, económicos e materiais.

- Que os oito mil euros de axudas pedidos á FEGAMP explica o concelleiro de Facenda que se pediron cursos de monitor socorrista e cursos de monitor de tempo libre.

A Sra. alcaldesa explica que todos os anos hai dificultades para contratar socorristas porque non teñen a titulación que se esixe.

- Sobre as facturas do decreto 419, á Sra. alcaldesa sorpréndelle que non estean as facturas e di que a enviarán a todos os grupos.

- Sobre os aparcadoiros nos arredores das praias, que xa comentaron no anterior pleno que en algúns casos hai que buscar terreos e espazos porque non hai. Que non é algo tan fácil como para que se poida facer dun día para outro.

- Que no da modificación do IBI están traballando nos servizos de intervención e que é outra ordenanza que levarán ao pleno en setembro. Que van levar varias.

- Que a regularización catastral estaban a traballar no informe no punto de información catastral.

- Sobre a situación de emerxencia nas praias, que efectivamente houbo nesta tempada casos complicados e tristes e que mirarán a posibilidade de colocar bandeiras pero que non poden poñer socorristas, que é imposible cubrir todas as praias.

-Que non se colocou aínda o espello na saída de Cabanas e que lle pasarán o recado a obras.

- Que efectivamente hai problemas de circulación no Artón cara á praia e que é algo que teñen pendente de facer. Que hai que regular e ten que a Policía Local facer un informe e ver cal é a mellor maneira.

- Sobre o pino de Somorto, o concelleiro de Obras e Medio Ambiente informa que se acometeu a construción dun muro de contención das terras que soportan as raíces do pino.

E en canto á ducha avariada, que irán arranxala. E polo que respecta á gaiola de salmón, que ten dous tipos de materiais (plástico e ferro) e que teñen avisado a un chatarreiro para que retire o ferro. Que lle parece que non paga a pena gastar recursos do concello cando o pode facer unha empresa gratis (ofrécelle o teléfono da empresa ao concelleiro Sr. Vázquez Rama).

- En canto ao arranxo das fochancas, que hai sitios onde se fará o arranxo completo e outros onde se vai tapar fochanca a fochanca.

- Sobre o lavado de colectores de lixo que, polo que sabe, FCC ten un programa de lavado de periódico e di o concelleiro de Obras que é de cada quince días todo o ano.

A Sra. alcaldesa di que falarán coa Mancomunidade porque ten unha persoa encargada de controlar que se cumpra o contrato.

- Que no mes de agosto van ir facer as actuacións pendentes nos colexios. Que teñen unha lista coas necesidades de arranxos pequenos nos colexios e que a pista no colexio de Esteiro que

pensan facela tamén en agosto, antes de que empecen as clases. Que están buscando os recursos económicos. Que o proxecto o está facendo o aparelador municipal.

- Sobre a colocación dunha marquesiña no Ramón de Artaza, que é unha demanda da ANPA de hai tempo e que non está previsto colocala polo menos nun prazo breve.

Ao comentario da Sra. Monteagudo de que é bastante fácil, a Sra. alcaldesa responde que todo é fácil pero todo require tempo e cartos e que é imposible atender todas as demandas.

Preguntas do voceiro do BNG, Sr. García:

Que hai bastantes preguntas que coinciden coas feitas polo Grupo Popular, e que deben ser de sentido común, e para que non se alongue tanto o pleno que a eles sempre lles toca sintetizar, polo que van ir ao concreto.

- Se hai algunha novidade na denuncia en Costas polas obras ilegais na illa da Creba.

- Se se vai rozar o Camiño Inglés que se está promocionando e se atopa sen adecuar.

- Se se van adecuar zonas de aparcadoiro próximas á Acea para eliminar a práctica de aparcarse enriba da beirarrúa.

- Se se sabe algo do plan de Costas para arranxar o paseo de Esteiro e cando se vai executar.

- Cal é o protocolo de actuación da Policía Local nun caso de atropelo dun can. Que recibiron queixas que nun atropelo na Virxe, no Plantío, os axentes da Policía Local se desentenderon do animal que non estaba morto, que estaba ferido. Que por iso lles gustaría saber cal é o protocolo por si fora necesario cambialo.

Que non saben se é certo pero que lles preocupa que se estea traballando dun xeito non aconsellable neses casos.

- Tamén sobre a Policía Local pregunta quen é o encargado de organizar as quendas de garda, se é público e se desde a Alcaldía teñen constancia de que todos os seus membros teñen o mesmo trato na adxudicación de gardas. Que lles dá a sensación, e non saben se é casualidade, que son sempre os mesmos os que están de garda os fins de semana.

Rogos: (di que vai facer os rogos con ton de esixencia):

- Que se execute inmediatamente o problema da televisión en Abelleira e e Torea. Que entenden que o tema do ADSL é difícil de resolver pero que a colocación dunha antena non pode precisar dun ano e unha ducia de rogos para que se execute. Que é algo que se debe solucionar, xa.

- A derogación da ordenanza que prohibe o acceso das mascotas ás praias e se elabore unha ordenanza de boas prácticas cívicas para donos/as de mascotas, na que se contemplen sancións por malos hábitos dos propietarios.

Que é certo o que dicía a compañeira Alianza, de que é un asco atoparse restos de animais, no só nas praias, se non en todos os lugares. Pero que non é cuestión de prohibir e restar liberdades. Que se o que se pretende é facer unha ordenanza que só se contemple abrir algunhas praias e no resto seguir igual sen cambiar a filosofía do que eles entenden que debería ser a dita ordenanza, que xa adianta que non vai ter o apoio do BNG.

- Que se pinten liñas amarelas no cruce de Bornalle. Que os sinais de prohibido aparcarse non disuaden aos usuarios das praias de aparcarse neste espazos poñendo en risco a integridade das persoas e vehículos que utilizan esta saída. E que piden o mesmo para o cruce de Freixeiros pintando en amarelo unha zona que posibilite a visibilidade para incorporarse á estrada principal, pois o espello resulta insuficiente para garantir unha incorporación segura.

- Que na avda. Castelao, á altura do paso de peóns da rúa Ancha, que hai un sinal de aparcamento que está roto na base e rogan o seu arranxo pois poden crear cortes en nenos/as ou animais que se acheguen.

Respostas da Sra. alcaldesa:

- Que non hai novidade sobre as obras que se están facendo na illa da Creba.

- Sobre a zona do Camiño Inglés, que o que falta é un tramo en Abelleira e un anaquiño chegando a Abelleira porque había moita auga e a ver se se pode arranxar en agosto ou setembro.

- Sobre o aparcamento na zona da Acea, que estiveron mirando algunha posibilidade e falando con algún veciño da zona e lle falaban da posibilidade de habilitar algún espazo na baixada, chegando á rotonda. Que están estudando e valorando distintas posibilidades.
- Que o que lle traslada o xefe de Costas, sobre o paseo de Esteiro, é que están redactando o proxecto. Que a semana pasado volveu falar con el e quedou en vir a Esteiro a primeiros de agosto a concretar detalles da redacción do dito proxecto.
- Que vai preguntar á Policía Local sobre o atropelo do can, que non lle consta que os estean desatendendo. Que é un tema que lle preocupa, polo que vai preguntar.
- Que as quendas da Policía Local as organiza o sarxento, como xefe da policía, e que son supervisadas por ela. Que non lle consta que haxa ningún trato discriminatorio. Que o comprobou a raíz dun escrito dun dos axentes e que é verdade que as últimas semanas lle coincidiu a unha persoa varios seguidos pero que os oito anteriores, por exemplo, non lle tocara ningún.

O Sr. García di que é pouco equitativo pois non é igual un fin de semana de verán que un fin de semana de inverno e a Sra. alcaldesa di que é moi difícil. Que están intentando que haxa gardas nocturnas con dous axentes, a pesar de que son poucos, porque non queren que pase igual que no anterior mandato que de noite haxa un só policía ou un só axente. Ademais que por lei debe ser así. Que se están cubrindo todas as noites que se poden. Que están tendo en conta as festas pois parécenlles noites importantes e casar esas noites de festa coas vacacións e permisos aos que teñen dereito e cos descansos aos que teñen dereito que está resultando bastante difícil.

Que intentan que sexa o máis equitativo posible.

En canto aos rogos, que mirarán o sinal que está roto.

En relación aos demais rogos, que son temas nos que están traballando.

Dálle a palabra ao concelleiro Sr. Uhía, que explica sobre a telefonía que a vindeira semana vai vir a responsable de Telefónica falar do tema de Internet.

A Sra. alcaldesa di que sobre a ordenanza que prohíbe o acceso de mascotas ás praias que a ordenanza que están elaborando está no sentido de permitir o acceso de cans a algunhas praias, non a todas. Pero que o que poden facer antes de levar a proposta a pleno e cosensuala ou intentalo con todos os grupos.

En canto ao das liñas amarelas que van miralo pois non é difícil e se conseguen que os cruces sexan un pouco máis seguros pois que vale ben a pena.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e dúas horas e vinte e oito minutos. Dou fe.